


# ACELERADORA CULTURAL NO ÁMBITO DAS ARTES ESCÉNICAS



# PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

## ACELERADORA CULTURAL NO ÁMBITO DAS ARTES ESCÉNICAS

As actuacións recollidas nesta liña de acción financiáanse ao 100 % con fondos do Plan de Transformación, Recuperación e Resiliencia, no marco do compoñente 24, Revalorización da industria cultural. C24.I1.P1, Competitividade e profesionalización das ICC. Actuación 2, Apoio a aceleradoras culturais, aprobado pola Conferencia Sectorial de Cultura no ano 2020 como unha das respostas á crise da covid-19.

# AXUDAS Á ACELERACIÓN CULTURAL NO ÁMBITO DAS ARTES ESCÉNICAS

(DOG, 29 de maio de 2023)

## OBXECTO

Iniciar un proceso de aceleración coas empresas e profesionais das artes escénicas.

## OBXECTIVOS

- Acelerar o crecemento do tecido empresarial e a profesionalización.
- Impulsar a transformación á cultura dixital e o uso das novas tecnoloxías.
- Favorecer as interconexións entre as ICC.
- Mellorar o acceso ao financiamento.

# AXUDAS Á ACELERACIÓN CULTURAL NO ÁMBITO DAS ARTES ESCÉNICAS

## ENTIDADES BENEFICIARIAS

- Persoas profesionais rexistradas no réxime especial de traballadores autónomos, pemes e microempresas.
- Ter unha oficina permanente, ou sucursal, en Galicia ou nun Estado membro da UE.
- Desenvolver a súa actividade maioritariamente en Galicia.
- Estar dadas de alta nos epígrafes do imposto de actividades económicas e ter un obxecto ou fin social adicado ao **teatro, danza e artes do movemento, circo e maxia**.

## AXUDAS Á ACELERACIÓN CULTURAL NO ÁMBITO DAS ARTES ESCÉNICAS

### NON PODERÁN TER A CONDICIÓ N DE PERSOAS BENEFICIARIAS

- As **agrupacións de interese económico**.
- As **asociacións ou outras formas xurídicas sen ánimo de lucro**, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas que **carezan de personalidade xurídica propia** (comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado).
- As entidades de **natureza pública**.
- Persoas ou entidades que realicen actividades que **non cumpran a lexislación ambiental nacional da UE** pertinente.

# AXUDAS Á ACELERACIÓN CULTURAL NO ÁMBITO DAS ARTES ESCÉNICAS

## FINANCIAMENTO

Crédito total: **336.000 euros**

Anualidade 2022	Anualidade 2023
<b>80.000€</b>	<b>256.000 €</b>

### CANTIDADE MÁXIMA SUBVENCIONABLE

- > A achega da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) non poderá ser superior ao 80 % do custo subvencionable do proxecto presentado co **límite de 42.000 euros por persoa solicitante.**

# AXUDAS Á ACELERACIÓN CULTURAL NO ÁMBITO DAS ARTES ESCÉNICAS

## PERÍODO SUBVENCIONABLE

Dende o día seguinte á presentación da solicitude e ata o 20 de outubro de 2024, ambos incluídos.



# AXUDAS Á ACELERACIÓN CULTURAL NO ÁMBITO DAS ARTES ESCÉNICAS

## PROXECTOS SUBVENCIONABLES

- > Deben contar cunha **parte de aceleración e outra de investimento**, nalgunha das liñas que se indican.
- > O **investimento** que realice a persoa solicitante debe ser **acorde coa actividade desenvolvida na parte da ACELERACIÓN**.
- > O proxecto que se presente debe destinar, polo menos, o **20 % do custo subvencionable á parte de aceleración e o importe restante ao investimento que a acompaña**.

## ACELERACIÓN

### LIÑA 1

**Acompañamento ás empresas**, formación, mediación, incubación ou mentoría en materia de comunicación, márketing, internacionalización ou financiamento.

#### GASTOS SUBVENCIONABLES

Programas de formación intensiva, mediación, incubación, mentoría, gastos de consultaría e de asistencia técnica externa, estudos de prospección e documentación, dinámica de intercambio de experiencias, boas prácticas e *networking*, así como todos aqueles labores que impulsen a competitividade e a estratexia das organizacións nos ámbitos de comunicación, internacionalización ou financiamento.

#### REQUISITOS PARA PRESTAR OS SERVIZOS DA ACELERACIÓN

- **Empresas e/ou entidades legalmente constituídas.**
- En **ningún caso** a persoa beneficiaria pode ter **relación profesional ou persoal, directa ou indirecta, cos servizos profesionais** que impartan ou acompañen o proceso de aceleración.
- Teñen que contar con **recoñecido prestixio** e poder acreditar traballos e **labores similares nos últimos tres anos.**

## ACELERACIÓN

### LIÑA 2

Participación da empresa en **xornadas, obradoiros e seminarios**.

#### GASTOS SUBVENCIONABLES

Matrícula, desprazamento, aloxamento e manutención pola participación dun máximo de dúas persoas por persoa beneficiaria.

#### REQUISITOS DAS XORNADAS, OBRADOIROS E SEMINARIOS

- **Impartidos por organismos públicos** dependentes da Unión Europea, do Goberno de España, das comunidades autónomas e entidades locais, así como das universidades e os seus entes dependentes.
- **Vinculados ás industrias creativas en todas as súas facetas.**

## INVESTIMENTO

### LIÑA 3

**Apoio á apertura de novas liñas de negocio e/ou mercados.**

#### **GASTOS SUBVENCIONABLES**

Todos os derivados dos servizos profesionais necesarios para o deseño da idea e nova liña de negocio, así como aqueles que contribúan á súa configuración e lanzamento:

- Estudos de mercado.
- Plan de márketing e comercialización.
- Establecemento de sinerxías con outras empresas do ámbito cultural e creativo (...).

## INVESTIMENTO

### LIÑA 4

Apoio á transformación dixital.

#### GASTOS SUBVENCIONABLES

Vinculados á dixitalización e aplicación de novas tecnoloxías á actividade principal, ben sexa en produto ou servizo, conectividade, integración de tecnoloxía dixital, *big data*, adopción de medidas de desenvolvemento sustentable e impacto ambiental positivo, e outros investimentos en activos materiais que **revertan na organización impulsando a súa aceleración.**

## GASTOS NON SUBVENCIONABLES

- Gastos xerais: alugamentos, teléfono, gastos xerais de informática e outras subministracións etc.
- Custos fixos e gastos fixos de persoal.
- Investimentos periódicos (mellora ou substitución de consumibles ordinarios salvo os vinculados a sustentabilidade).
- A adquisición de bens inmobles (terreos e construcións), vehículos ou outros elementos de transporte nin maquinaria pesada.
- Os que non teñan relación coa natureza do proxecto.
- Gastos financeiros, notariais e rexistrados nin os gastos periciais, xuros, recargas e sancións administrativas e penais nin os gastos de procedementos xudiciais.
- O imposto sobre o valor engadido (IVE) nin os impostos persoais sobre a renda (IRPF).

## PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES: DOCUMENTACIÓN

- > Anexo II.
- > Documentación administrativa.

Persoa xurídica	Persoa física
<ol style="list-style-type: none"><li>1. Certificado do acordo social da solicitude da axuda ou da autorización da persoa que a asine en nome da entidade.</li><li>2. Estatutos rexistrados e escrituras de constitución.</li><li>3. Documentación que acredite suficientemente a representación de quen asina a solicitude.</li></ol>	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Alta no réxime xeral de autónomos se a persoa solicitante é persoa física.</li><li>2. IAE relacionado coas artes escénicas.</li></ol>

## PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES: DOCUMENTACIÓN

### > Documentación específica

- Anexo VI.
- Anexo III: Ficha resumo-memoria do proxecto que terá como máximo 20 páxinas.
- Declaración responsable onde se describan os traballos de similar natureza realizados nos últimos tres anos, no suposto da liña 1 antes descrita.
- Anexo IV: plan económico/orzamento do proxecto.
- Relación nominal de traballadores (RTN) do ano 2022.
- Acreditación da participación en accións e programas formativos de emprendemento, con certificado do organismo que os realizou. **Só se computarán os que teñan un número igual ou superior a 30 horas e fosen realizados nos últimos 3 anos.**
- Descrición/currículum da entidade ou entidades que realizarán as accións do proceso de aceleración. Máximo dúas páxinas por entidade.
- Anexo VII.
- Anexo VIII.
- Outra documentación que se considere conveniente para a defensa do proxecto.



## PRAZOS DA TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA

Publicación	Presentación solicitudes	Presentación xustificación
<b>29 de maio de 2023</b>	<b>Un mes dende o día seguinte da publicación no DOG</b>  <b>Ata o 29 de xuño 2023</b>	<b>Anualidade 2023: 1 de decembro</b>  <b>Anualidade 2024: 20 de outubro</b>

## OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

- Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención e acreditarla ante a Agadic, así como cumprir os requisitos, prazos e condicións establecidos nas normas reguladoras.
- Conservar a documentación xustificativa desde a operación durante un período de tres anos.
- Cumprir coas obrigas de publicidade da axuda que estarán a disposición na páxina web da Agadic ([www.agadic.gal](http://www.agadic.gal)), mencionando expresamente a súa orixe e o financiamento con fondos de NextGeneration da Unión Europea. Ademais deberán publicar a concesión da axuda na páxina web e mantela actualizada. Concretamente, na documentación, carteis, propaganda ou publicacións que se elaboren para a súa difusión pública deberán figurar que o proxecto foi financiado con cargo aos Fondos da UE e do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Así mesmo, deberá informarse de que foi apoiado pola Xunta de Galicia e incluír o logotipo da Xunta de Galicia. Os carteis informativos e placas débense colocar nun lugar ben visible e de acceso ao público.
- Xustificar ante a Agadic o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización da actividade e dos gastos subvencionables e o cumprimento da finalidade que determinan a concesión e desfrute da subvención. Neste contexto, **considéranse incumpridos os obxectivos da axuda cando non se xustifique polo menos o 60 % dos custos previstos no proxecto de gastos.**
- E as demais obrigas recollidas nas bases reguladoras.

## MODIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

Os beneficiarios das axudas teñen o deber de solicitar a Agadic a aceptación de calquera modificación ou alteración relevante ou significativa sobre o proxecto subvencionado. **As alteracións non autorizadas, ou non solicitadas poderán dar lugar á minoración da subvención concedida ou á súa revogación.**

Nunca se aceptarán modificacións que afecten aos requisitos para poder optar á subvención.

## PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

- Farase efectivo a partir da data da resolución definitiva de concesión e realizarase sempre e cando se acredítase que a actividade foi executada.
- Pagamento anticipado, ata o 80 % da subvención concedida. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada e non poderá exceder o importe de subvención da anualidade prevista para cada exercicio orzamentario.
- Pagamentos á conta, respondendo ao ritmo de execución do proxecto obxecto da subvención e logo de xustificación dos gastos.

## EXEMPLOS DE PROXECTOS ACELERADORES


### EXEMPLO 1

#### ACELERACIÓN

Realización dun plan estratéxico dunha compañía de artes escénicas co obxectivo de aumentar a rendibilidade e fontes de ingresos permitindo un mellor posicionamento no sector e unha maior capacidade a futuro.

#### INVESTIMENTO

Aplicación de tecnoloxías e capacidades punteiras nos espectáculos e na xestión, adaptada aos gustos e esixencias do público actual cunha dobre vertiente: presencial e dixital.



## EXEMPLOS DE PROXECTOS ACELERADORES

### EXEMPLO 2


#### ACELERACIÓN

Proxecto de creación de compañía estable de teatro de transformación social co obxectivo de realizar accións de teatro social e comunitario e actividades de creación colectiva nas que as artes escénicas sirvan de ferramenta e non como fin, para crear espazos de creación, comunicación e reflexión.

O obxectivo é conseguir, coa aceleración, crecer cunha base pedagóxica e de coñecemento e conseguir as ferramentas necesarias tanto a nivel artístico, como do tecido estrutural da compañía.

#### INVESTIMENTO

Os activos materiais necesarios para levar a cabo o proxecto.



## EXEMPLOS DE PROXECTOS ACELERADORES


### EXEMPLO 3

#### ACELERACIÓN

Proxecto de apertura dunha nova liña de negocio a través das plataformas dixitais co fin de desenvolver un novo espectáculo con realidade aumentada. Neste ámbito, necesítase formación en novas tecnoloxías aplicadas á danza e ao movemento.

#### INVESTIMENTO

Gastos en novas tecnoloxías, *hardware* e *software* para aplicar aos espectáculos.



## EXEMPLOS DE PROXECTOS ACELERADORES


### EXEMPLO 4

#### ACELERACIÓN

Proxecto de busca de novos mercados para o cal se realiza unha formación intensiva no ámbito da internacionalización: aprender o idioma, os costumes e tradicións, hábitos de consumo cultural do país ou países.

#### INVESTIMENTO

Realizar un estudo de mercado e un plan de márketing para desenvolver os espectáculos noutros países.



## EXEMPLOS DE PROXECTOS ACELERADORES


### EXEMPLO 5

#### ACELERACIÓN

Proxecto de creación dunha nova liña de negocio. Unha compañía de artes escénicas con ampla traxectoria dispón de vestiario e escenografía de diferentes espectáculos que oferta no mercado. Formación en tecidos e estruturas e na historia das pezas e en novas tecnoloxías para a creación da plataforma web.

#### INVESTIMENTO

Gastos dos servizos profesionais para a dixitalización, creación da base de datos e estudo de mercado, así como o equipamento informático e o *software* necesario.





## EN DATOS

2022

80.000 €

ANUALIDADE

2023


256.000 €

ANUALIDADE

336.000 €

CRÉDITO TOTAL

ANOS 2022 E 2023




29/06

PRAZO DE PRESENTACIÓN




DOG 100

DIARIO OFICIAL DE GALICIA  
29 DE MAIO 2023




### PROFESIONALIZACIÓN

ACELERAR O CRECEMENTO  
DO TECIDO EMPRESARIAL



### CULTURA DIXITAL

IMPULSO E TRANSFORMACIÓN  
E USO DE NOVAS TECNOLOXÍAS




### INTERCONEXIÓNS

ENTRE AS ICC



### FINANCIAMENTO

MELLORAR O ACCESO



# ACELERADORA CULTURAL NO ÁMBITO DAS ARTES ESCÉNICAS GRAZAS!